

Grupo A outubro 24- xaneiro 25

BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA



MONOGRÁFICO A historia dentro da Historia

A literatura anticipase reveladora para comprender o mundo que habitamos, aproxímanos ao entendemento da Historia pasada, presente e futura. Para elo sérvese de historias máis pequenas, cotiás: a ficción achegándonos a pasaxes históricas.

LIBRO 1: DESGRACIA, de J.M. Coetzee. 30/10/24

Aos cincuenta e dous anos, David Lurie ten pouco do que se xactar. Con dous divorcios as súas espaldas, calmar o desexo é a súa única aspiración; as súas clases na universidade son un mero trámite para el e para os estudantes. Cando se destapa a súa relación cunha alumna, David, nun acto de soberbia, preferirá renunciar ao seu posto antes que disculparse en público. Rexeitado por todos, abandona Cidade do Cabo e vai visitar a granxa da súa filla Lucy. Alí, David verá esnaquizarse todas as súas crenzas nunha tarde de violencia implacable.

LIBRO 2: NO TE VERÉ MORIR, de Antonio Muñoz Molina. 13/11/24

Durante a súa mocidade, Gabriel Aristu e Adriana Zuber protagonizaron unha apaixonada historia de amor que parecía destinada a durar para sempre. O futuro, con todo, tiña outros plans para eles. Separados durante cincuenta anos por un océano de incomunicación, ela atrapada na España da ditadura, el vivindo o éxito profesional en Estados Unidos, volven a atoparse no solpor dos seus días.

LIBRO 3: SOSTIENE PEREIRA, de Antonio Tabucchi. 27/11/24

Lisboa, 1938. A opresiva ditadura de Salazar, o furor da guerra civil española chamando á porta, ao fondo o fascismo italiano. Nesta Europa percorrida polo virulento fantasma dos totalitarismos, Pereira, un xornalista dedicado durante toda a súa vida á sección de sucesos, recibe a encarga de dirixir a páxina cultural dun mediocre xornal, o Lisboa.

LIBRO 4: COMO MATÉ A MI PADRE, de Sara Jaramillo. 11/12/24

Mataron o seu pai e Sara cóntanos esta violencia que aínda non foi narrada na literatura colombiana. Non a guerra civil, nin as guerras de independencia, nin as guerrillas, senón a historia de violencia nos oitenta e noventa.

LIBRO 5: NINGUÉN QUEDA, de Brais Lamela. 08/01/25

Entre o verán sufocante de Nova York e as montañas neboentas de Negueira de Muñiz, *Ninguén queda* segue os pasos dun mozo galego na metrópole norteamericana mentres rastrea a historia dunha muller desaparecida nos asentamentos de colonización da Terra Chá levantados pola ditadura na década de 1960.

BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO
DE OLEIROS/TERTULIAS LITERARIAS DE
OUTUBRO 24 - XANEIRO 25

/ BIBLIOTECA CENTRAL
RIALEDA

GRUPO A